



**CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE \_\_\_\_\_ PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA. COFINANCIADA CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2007-2013**

Santiago de Compostela,

Por unha banda don Tomás Fernández-Couto Juanas, secretario xeral do Medio Rural e Montes, segundo o Decreto 30/2012, do 4 de xaneiro, DOG 5 de xaneiro de 2012 polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 30 de marzo de 2012 sobre delegación de competencias (publicada no DOG do 12 de abril de 2012).

Da outra, don \_\_\_\_\_ alcalde do Concello de \_\_\_\_\_, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio marco

**EXPOÑEN:**

**PRIMEIRO.-** A Consellería do Medio Rural e do Mar, conforme o disposto no Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, modificado polo Decreto 131/2012, do 31 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012 do 28 de xuño



de montes que establece as medidas preventivas que faciliten a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

**SEGUNDO.-** As accións en materia de recuperación do potencial forestal e implantación de medidas de prevención de incendios planifícanse consonte ás disposicións do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello (artigo 36, alínea b), inciso VI e artigo 48) e o Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión (artigo 33 e anexo II) e xestiónanse de conformidade co Regulamento (CE) 65/2011 da Comisión. Están recollidas na medida 226-Recuperación do potencial forestal e medidas preventivas do Programa de desenvolvemento rural de Galicia aprobado por Decisión da Comisión do 15 de febreiro de 2008.

As actuacións en materia de prevención de incendios forestais contempladas neste convenio inclúense no Plan marco: recuperación do potencial forestal e implantación de medidas preventivas aprobado en data do 9 de xuño de 2008 pola antiga Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais en desenvolvemento do disposto no Plan galego de controis FEADER, aprobado na súa última versión por resolución do 4 de abril de 2012, no que se establece que as actuacións directas da administración, implantadas sen mediar orde de convocatoria, precisarán da aprobación polo director xeral competente dun programa ou plan de aplicación, do que se deriven as operacións financiadas.

**TERCEIRO.-** Os concellos teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.

**CUARTO.-** Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado (tanto montes de particulares, montes veciñais en man común e montes de varas), senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abran todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas



polo Goberno galego como de alto risco de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

En todo caso, cómpre lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo o disposto na Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiación con FEADER.

**QUINTO.-** A Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e extinción de incendios, en particular mediante a sinatura de convenios de colaboración para a realización de traballos preventivos en faixas de xestión de biomasa e terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido.

**SEXTO.-** A época de perigo alto de incendios é o período durante o cal están en vigor medidas e accións especiais de prevención e defensa contra incendios forestais, en consideración aos antecedentes estatísticos e climatolóxicos, así como cando as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.

**SÉTIMO.-** O índice de risco diario de incendio forestal (IRDI) establece para cada unha das épocas de perigo, o risco diario de ocorrencia de incendio forestal, cuxos niveis son baixo (1), moderado (2), alto (3), moi alto (4) e extremo (5).

**OITAVO.-** As entidades locais de Galicia constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

**NOVENO.-** É vontade do Concello de \_\_\_\_\_ cooperar coa Consellería do Medio Rural e do Mar na prevención e defensa contra os incendios forestais de acordo cos programas e actuacións que esta deseña, tendo que acreditar previamente á sinatura do convenio que cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente “Convenio de colaboración para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013”.



## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de \_\_\_\_\_ no desenvolvemento de accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais, de xeito que se consiga unha maior eficacia na loita contra estes sinistros a través da optimización no uso dos recursos que se inclúen neste convenio.

### **SEGUNDA.- Composición da brigada de prevención e defensa**

O concello comprométese a dispor, en todo momento, de brigadas efectivas compostas por 4, 5 ou 6 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello.

### **TERCEIRA.- Funcións da brigada de prevención e defensa**

#### **A brigada realizará as seguintes funcións:**

Dado que dentro da época de perigo alto o IRDI varía en función da situación meteorolóxica, do estado da biomasa vexetal e do estado do solo, os medios que se inclúen neste convenio poderán desenvolver:

- Traballo de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados



- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordoados.

#### **CUARTA.- Ámbito de actuación e coordinación da brigada de prevención e defensa**

##### **A) Ámbito de actuación**

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

##### **B) Coordinación**

O concello garantirá a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento da brigada para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello. O responsable da brigada será o interlocutor co que se relacionará unicamente o persoal do SPDCIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.

A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) realizarase baixo o mando único descrito no Pladiga. O concello adherirase ao procedemento operativo do Pladiga **2014** como plan director.



Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPDCIF ao responsable da brigada. Cando traballe na extinción dun lume o responsable da brigada porase a disposición do Director Técnico de Extinción, quen determinará a zona para o traballo de cada brigada.

## **QUINTA.- Achegas da Consellería do Medio Rural e do Mar**

### **A) Labores de vixilancia e extinción**

A Consellería do Medio Rural e do Mar achegará ao presente convenio para a realización das actuacións en materia de vixilancia e extinción de incendios forestais así como para outros gastos derivados destas labours (Anexo I, cláusula 9), dependendo do número de integrantes da brigada, para os tres meses de campaña un máximo de:

- \_\_ Brigadas de 4 compoñentes (11.481,04 €/brigada): \_\_\_\_\_ €.
- \_\_ Brigadas de 5 compoñentes (15.934,62 €/brigada): \_\_\_\_\_ €.
- \_\_ Brigadas de 6 compoñentes (20.388,20 €/brigada): \_\_\_\_\_ €.

O réxime xurídico réxese polo previsto nesta cláusula e no Anexo I.

### **B) Labores de prevención**

A Consellería do Medio Rural e do Mar achegará ao presente convenio para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais un máximo de \_\_\_\_\_ € (11.250,00 €/brigada), para a execución de actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional, con un máximo de 2.250,00 €/ha. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. De terse realizado a roza no ano anterior, e en lugares de pendente inferior ao 20% nos que sexa necesario realizar os traballos manualmente, a achega máxima será de 1.120,00 €/ha. Ámbolos dous casos serán cofinanciados con fondos FEADER.



Con carácter xeral deberá terse en conta o disposto no Decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar gastos no PDR financiados con FEADER.

En todo caso, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio.

Para os efectos do disposto no artigo 29 punto 2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado que existen módulos para cada unidade de obra que supoñen que, en ningún caso, o custo de execución dos traballos subvencionados poida ser superior ao valor de mercado, considérase gasto realizado o que foi efectivamente comprobado por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural e do Mar.

O IVE non será subvencionable en ningún caso dos expostos nos apartados anteriores, a) e b), da presente cláusula. Os gastos non elixibles serán soportados polo concello.

Os traballos preventivos incluídos neste convenio serán cofinanciados polo FEADER nun 75%. A porcentaxe máxima a subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable. Estas labores de prevención enmárcanse dentro da medida 226- Recuperación do potencial forestal e medidas preventivas do Programa de desenvolvemento rural.

O réxime xurídico réxese polo previsto nesta cláusula e no Anexo II.

## **SEXTA.- Financiamento da brigada de prevención e defensa**

### **Sexta.1. Financiamento da actuación en vixilancia e extinción de incendios**

1. Os custos que supoñan estas brigadas repartíranse entre A Consellería do Medio Rural e do Mar e a entidade local.

2. A contribución ao financiamento das devanditas accións no que atinxe á Consellería do Medio Rural e do Mar, fíxase na cláusula quinta deste convenio, e financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano **2014**. Esta cantidade será financiada pola Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, con cargo á aplicación orzamentaria 12.20.551B.760.0.



3. A contribución das entidades locais: Esta será efectuada directamente por cada entidade local, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponda.

## **Sexta.2. Financiamento da actuación en prevención de incendios forestais**

A Consellería do Medio Rural e do Mar achegará ao presente convenio para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais un máximo de \_\_\_\_\_ € (11.250,00 €/brigada), para a execución de actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional, con un máximo de 2.250,00 €/ha. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos. De terse realizado a roza no ano anterior, e en lugares de pendente inferior ao 20% nos que sexa necesario realizar os traballos manualmente, a achega máxima será de 1.120,00 €/ha. Ámbolos dous casos serán cofinanciados con fondos FEADER, con cargo á aplicación orzamentaria 12.20.551B.760.0, código de proxecto: 2011 00770.

A porcentaxe máxima a subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable.

## **SÉTIMA.- Compromisos das partes**

### **A) Pola Consellería do Medio Rural e do Mar**

- Financiamento: A Consellería do Medio Rural e do Mar colabora no financiamento deste convenio, conforme ao previsto nas cláusulas quinta e sexta.

### **B) Polo Concello**

- O Concello colaborará no financiamento do convenio conforme ao disposto na cláusula sexta.



- Deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.
- O persoal que integre a brigada de prevención e defensa que se forme ao abeiro deste convenio dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Polo tanto, o concello asumirá o pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas, vacacións no seu caso, substitucións, imposición cando proceda de sancións disciplinarias e cantos efectos de seguridade social de deriven, en particular o abono de cotizacións e o pago de prestacións e cantos outros dereitos e obrigas se deriven da relación contractual entre empleado e empregador.
- A Entidade Local poderá realizar as tarefas sinaladas no presente convenio con medios propios ou mediante a externalización dos servizos/traballos con empresas do sector forestal.
- Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 75.1.c) i) do regulamento (CE) 1698/2005.

#### **OITAVA.- Comisión de seguimento**

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo xefe territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar (ou representante en quen delegue), un representante do Concello e o xefe do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (ou representante en quen delegue).

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Aprobar o Programa de actuación de traballos preventivos.
- Aprobar o cuadrante de quendas da brigada.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.



### **NOVENA.- Actuacións de comprobación da inversión**

O Concello someterase ás actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural e do Mar, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como ós controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

### **DÉCIMA.- Xurisdición e normativa aplicable**

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xurdan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño e en canto non se opoña ao establecido na dita Lei, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Reintegros**

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días e a data de reembolso ou dedución.



## **DÉCIMO SEGUNDA.- Publicidade**

O Concello de \_\_\_\_\_ presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural e do Mar para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia**

O presente Convenio terá unha vixencia máxima de 4 meses contados dende a data de incorporación da primeira brigada conveniada e rematando na data do cese da última, sendo 3 meses o período de operatividade para cada unha delas. O comezo de operatividade da/s brigada/s será/n entre os días 1 e 31 de xullo e o/s de remate entre o 30 de setembro ao 31 de outubro.

Por causas xustificadas poderá demorarse a data de inicio prevista anteriormente nun máximo de 31 días naturais o que quedará acreditado na correspondente acta da Comisión de Seguimento na que se deixará constancia da nova data de inicio. Neste caso o período previsto contarase a partir desa nova data ata cumprir o prazo máximo estipulado.

## **DÉCIMO CUARTA.- Compatibilidade con outras axudas**

En relación coas actividades preventivas deste convenio as axudas concedidas no presente serán incompatibles con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.



En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado na data e lugar ao inicio mencionados.

A conselleira do Medio Rural e do Mar  
P.D. O secretario xeral do Medio Rural e Montes  
Orde do 30/03/2012

O alcalde do concello de \_\_\_\_\_

Tomás Fernández-Couto Juanas

\_\_\_\_\_



## **ANEXO I. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

### **1. Composición da brigada**

Cada brigada que se forme estará composta por:

- Un xefe de brigada en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B.
- Un peón condutor co carné B.
- Dous, tres ou catro peóns de brigada.

O persoal que integre a brigada de prevención e defensa que se forme ao abeiro deste convenio dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

A Entidade Local poderá realizar as tarefas sinaladas no presente convenio con medios propios ou mediante a externalización dos servizos/traballos con empresas do sector forestal.

### **2. Compromisos do concello**

O concello comprométese a:

- Ter formada/s \_\_\_\_ brigada/s de \_\_\_\_ compoñentes que realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexa requiridas para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do convenio, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.



- Realizar, previamente á contratación do persoal integrante da brigada un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.
- Realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais (achégase no anexo III o programa mínimo que deberá conter o curso) de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia do curso: enxeñeiro de montes ou enxeñeiro técnico forestal. Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores. Dotar a cada membro que integra a brigada como mínimo co equipo obrigatorio de protección individual e ferramentas necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Lucha contra Incendios Forestales” (CLIF) ou polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga).
- Dotar a cada brigada dun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e que estará ó corrente en toda a documentación e obrigas administrativas que leva apareladas segundo a lexislación vixente (ITV, pólizas de aseguramento, etc).
- No caso de que o concello subcontrate os traballos, as condicións para o persoal e medios serán os mesmos que os indicados anteriormente.

### **3. Traballos a realizar polas brigadas**

As labores a desenvolver polas brigadas consistirán na realización dos seguintes traballos:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007.
- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.



En relación cos traballos de defensa contra incendios forestais a Consellería do Medio Rural e Mar realizará, ao inicio da actividade, unha inspección para verificar a operatividade da brigada: datos do responsable e compoñentes da brigada, probas físicas, recoñecemento médico, vehículo empregado, EPIs e ferramentas, formación.

#### **4. Medios persoais: Probas físicas e formación do persoal das brigadas**

Os membros da brigada de prevención e defensa recibirán unha formación en materia de incendios forestais, e de seguridade e prevención de riscos, que garanta o apropiado cumprimento das súas funcións.

Debido á especificidade dos traballos a realizar, os compoñentes da brigada terán unhas condicións axeitadas de saúde e aptitude física, que acreditarán tras o paso dunha proba física de esforzo.

#### **5. Medios materiais**

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas a desenvolver, cada brigada de prevención e defensa contará con:

- Un vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
- Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Lucha contra Incendios Forestales” (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga).

Estes medios materiais serán proporcionados polo concello.

#### **6. Dirección e coordinación dos traballos**

O concello garantirá a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento da brigada para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello.



A integración no dispositivo do SPDCIF realizarase baixo o mando único descrito no Pladiga.

Durante a extinción dos incendios forestais, todos os medios asignados ao mesmo estarán ás ordes do Director Técnico de Extinción, que é o responsable máximo da dirección de extinción do incendio. Deste xeito cúmprese co principio de mando único reflectido polos artigos 48.3 e 48.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de Montes de Galicia. O Director Técnico de Extinción transmitirá estas ordes ao responsable da brigada municipal.

## **7. Alcance e ámbito territorial**

O ámbito de actuación en materia de prevención será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

## **8. Financiamento e achegas da Consellería do Medio Rural e do Mar**

Os custos que supoñan estas brigadas repartiranse entre A Consellería do Medio Rural e do Mar e a entidade local.

A Consellería do Medio Rural e do Mar realizará as seguintes achegas:

- \_\_\_ Brigadas de 4 compoñentes (11.481,04 €/brigada): \_\_\_\_\_ €.
- \_\_\_ Brigadas de 5 compoñentes (15.934,62 €/brigada): \_\_\_\_\_ €.
- \_\_\_ Brigadas de 6 compoñentes (20.388,20 €/brigada): \_\_\_\_\_ €.

Esta cantidade será financiada pola Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, con cargo á aplicación orzamentaria 12.20.551B.760.0, código de proxecto: 2011 00771.

## **9. Xustificación dos traballos e libramento de fondos**

O prazo de presentación da documentación para o pagamento do presente convenio rematará o 15 de outubro do **2014**, para aqueles casos nos que a operatividade da



brigada finalice antes do 1 de outubro, para o resto de casos concederanse 15 días para a xustificación dende o remate da súa operatividade.

A Consellería do Medio Rural e do Mar, librará un primeiro pago anticipado do 100% da achega que lle corresponde polo custo das actuacións de vixilancia e defensa, que será aboado á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e previo envío, por parte do Distrito Forestal correspondente do informe favorable de operatividade. Este anticipo farase con cargo aos fondos propios libres da aplicación 12.20.551B.760.0, código de proxecto 2011 00771.

Ao remate do convenio, o concello deberá achegar conta xustificativa coa seguinte documentación:

- a) Certificación expedida polo funcionario competente do Concello (secretario ou secretario-interventor), co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa ao cumprimento da finalidade do convenio en materia de vixilancia e defensa contra incendios forestais e aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada. No caso de gastos de persoal, a certificación poderá ser realizada polo responsable de recursos humanos co visto e praxe da alcaldía.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- c) No caso de gastos realizados con medios ou recursos propios:
  - Relación clasificada dos gastos de persoal, identificando o persoal e a relación de salario bruto e custo de seguridade social. Xúntase modelo orientativo, segundo anexo IV.
  - Relación clasificada doutros gastos con medios propios derivados do funcionamento e mantemento de vehículos de transporte, dos recoñecementos médicos e probas de esforzo, dos cursos de formación, así como da subministración dos EPIs de extinción e ferramentas de extinción



(batelumes, pulaskis, etc), con identificación do acredor e do documento, e o seu importe, data de emisión e data de pagamento, Xúntase modelo orientativo, segundo anexo V.

d) No caso de externalización dos traballos:

d.1. Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, e o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Xúntase modelo orientativo, segundo anexo V.

d.2. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 25.000 € no suposto de custo por execución de obra, ou os 9.000 € no suposto de custo por execución de servizo o beneficiario deberá achegar a xustificación de ter solicitado como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades. Esta xustificación poderá realizarse mediante a acta de apertura da licitación e a resolución de adxudicación da mesma.

A elección entre as ofertas presentadas deberá recaer na máis económica, xustificando debidamente unha memoria a elección noutro senso.

No caso de execución de forma mixta (medios propios e externalizadamente) completaranse os puntos C) e D) anteriores, segundo a forma de realización.

Agás aqueles gastos derivados do funcionamento e mantemento de vehículos de transporte non se admitirá aquela factura que xustifique ao mesmo tempo, gastos nos anexos V e VII.

No caso de que chegado o momento non se acredite o 100% do gasto que no seu día fose anticipado para as actuacións en materia de vixilancia e defensa contra os incendios forestais, a cantidade pendente poderá ser descontada da achega que se tivese prevista facer para as actuacións en materia de prevención de incendios forestais do presente convenio.



Por parte da Consellería:

- a) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co SPDCIF foi satisfactoria. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá acordar a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio.
- b) Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicta que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ó total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.



## **ANEXO II. ACTUACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTALES**

### **1. Ámbito de actuación**

Cada brigada realizará os traballos de prevención de incendios no seu ámbito municipal.

### **2. Funcións**

En materia de prevención de incendios realizaranse labores encamiñadas a diminuír o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais, no caso de producirse. Estes traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos. Os restos procedentes destes traballos serán recollidos, apilados e eliminados mediante trituración ou sistemas similares.

### **3. Localización dos traballos**

